

«Hoxe Galiza é unha rede do tamaño do mundo: As nosas redes, nós mesm@s»
(Álvarez Cáccamo, 6 de xaneiro de 2003).

Non só para pescar o chapapote, no movemento *Nunca Máis* as redes de persoas e obxectos serviron para comunicar, para protestar, para aliarse e crear xuntxs. Hoxe tamén organizan a memoria colectiva. O movemento xorde nun contexto moi concreto: na transición dunha sociedade de consumo a unha sociedade en rede, dunha comunicación analóxica a unha cultura dixital, no intervalo entre o internet cooperativo e a proliferación da telefonía móbil. Era un entorno de posibilidades híbridas entre o físico e o virtual, de exploración das novas formas de comunicación e de organización en rede.

REDES E REDEIRAS

Contra o *Prestige* apareceron imaxes invertidas, mensaxes, e lugares de comunicación que hoxe chamaríamos *memes*, *tweets*, e foros. Paraxes de escritura e contrainformación, a cabalo aínda entre o círculo de amigos, o *cibercafé* e o aparatoso ordenador familiar, entre o deseño en papel e o escáner, a fotocopia e a cinta de vídeo, o disquete e a mensaxe de texto. Nesa primavera dixital naceu o primeiro movemento de protesta propiamente do século XXI, cuxos herdeiros traballan hoxe no deseño, na publicidade ou na arte urbana. Aque-la cultura en rede formábase entre a guerrilla da comunicación, o *mail art* e o taboleiro de anuncios da taberna da aldea, o escaparate da tenda.

No contexto do *Nunca Máis*, naceron formas de politización e organización propias da década seguinte, a propósito da importancia da *dignidade* como magnitude política ou do xeito particular de agregación e activación que é a *marea*. Todo o que era cotián politizábase con naturalidade; se «ocupádeo todo» foi o berro cidadá no 2012 do movemento *Occupy Wall Street*, os indignados galegos xa fixeran outro tanto poñendo un «Nunca Máis» diante da cada cousa: a TVG, a cultura, as festas, os corpos, as escolas, a música, as paredes, a comida, as eleccións. A democracia pasaba a ser iso: a afirmación permanente da capacidade de reapropiación de todos e cada un dos terreos da vida en común, máis aló do estado e do mercado, mentres haxa brazos e corazóns para soste-er ese esforzo. Moitos dos movementos sociais que colleron forza neste século, como o feminismo ou a ecoloxía, comparten estas nocións sobre o colectivo e un parecido entendemento da cultura.

COLECTIVOS EN REDE E REDES DE COLECTIVOS

A ocupación dos medios formais e informais, de todas as canles dispoñíbles, deu como resultado chamativo a identificación de interfaces. Os fluxos do correo postal nestas semanas víronse intervídos, como as superficies urbanas, mesmo os billetes e os xornais e cantas materias estivesen circulando con estratexias de graffiti, de *tagging*, de *throw-ups*, buscando reproducir a materialidade do piche na superficie mesma da realidade. Eran técnicas baseadas na reticulación, na imitación, na proliferación. Hoxe diríamos tamén na *viraldade*, aínda que daquela non existise a palabra.


BANDEIRA A MEDIA HASTA NUNHA CASA EN COMÚN

O éxito da creación da Bandeira do Nunca Máis procede da fusión sinxela de moitos estímulos distintos: as cores das repúblicas bálticas, as bandeiras piratas, as bandeiras azuis das praias limpas, o simbolismo galeguista, o anarquismo, sen esquecer o máis evidente de todos: o loito. Cada casa e cada establecemento puxo un crespón negro pola morte do mar. Nese exercicio colectivo creouse de forma máxica unha rede imaxinaria de fogares, unha casa en común un pouco de todos e de ninguén.

AS REDES DA ARTE POSTAL

Desde finais dos 80, grazas ao traballo de artistas como Lois Magariños, a escena vernácula da arte postal tiña moita rede feita cando afundiú o Prestige, o que lle permitiu trabar accións prodixiosas como a unha *Exposición Internacional de Arte Correo «Marea Negra»*, proxecto promovido por Corporación Semiótica Galega, Marta Bosch, Tartarugo, Pedro Gonzalves e Clemente Padín, organizado polo Instituto de Educación Secundaria Aquis Celenis de Caldas de Reis, co apoio do seu Concello. Na convocatoria, «os artistas-correo» querían expresar o seu «compromiso estético, ético e político» nunha chamada aberta. A resposta foi desbordante: chegaron case cincocentas pezas de 258 artistas de 36 países: obras de Xapón, Australia, Canadá, Finlandia ou Malí. Con elas organizouse unha exposición nas rúas de Caldas, cos paneis apoiados en farolas e paredes. Os estudantes fixeron as súas propias pezas postais en agradecemento e resposta aos artistas, que recibiron un cedé coas imaxes da exposición completa. A mostra visitou máis de 30 centros educativos grazas ao traballo da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega) e ó colectivo de docentes Area Negra.

Xunto co humor gráfico e a carteleiría, a ocupación dos fluxos postais foi un dos dispositivos máis concorridos no deseño político do movemento. Ducías de artistas produciron obras en coleccións de postais como as editadas pola DIFUSORA, polo colectivo Chapapote, ou pola Asociación Española de Profesionales del Diseño. Moitas delas circularon e contribuíron ao financiamento xeral do movemento.



TRUE NEWS: UNHA ARQUEOLOXÍA DA CULTURA EN LIÑA

As transformacións das redes nestas dúas décadas ten sido radical Dun internet baseado nos foros e nos *blogs*, onde a anonimía era a precondición para a creatividade, dominado polos usuarios e fundamentalmente aberto, temos pasado a un espazo dixital partillado por corporacións, organizado a través de redes sociais, aplicacións e algoritmos, orientado a monitorización e á captura de datos. Nin o deseño, nin os dispositivos que foron pertinentes na organización dixital do movemento son hoxe recoñecíbles, e a inmensa maioría das *webs* empregadas daquela xa non están operativas. Navegar polas entornas dixitais do Nunca Máis é un exercicio de arqueoloxía cibernética, case unha viaxe no tempo por dominios coma www.chapapote.org ou www.vieiros.com, páxinas como www.galego21.org; www.vilaweb.com; <http://www.plataformanuncamais.org> ou <http://www.nodo50.org/marea-negra>. O pouco peso das imaxes, a construción textual dos portais, a falta de saberes profesionalizados fálanos dun universo aberto onde era posible artellar con facilidade e sen ningunha oposición gobernamental espazos de contra-información. Era un internet (case) sen *trolls*, sen *fake-news*, sen *bots*, sen polarización, nin pagos.

PARTICIPACIÓN, DELIBERACIÓN E DEMOCRACIA

Ante a emerxencia da catástrofe, a crise de presenza do estado creou un baleiro político que foi enchido por unha cidadanía en movemento. Nacían colectivos, asembleas, plataformas. E cada vez que se xuntaba dábase un nome. Ás voltas chamouse pobo, outras irmáns ou xente, até que descubriu que Nunca Máis era un nome que lle convida e adoptouno. Neste falar desde abaixo proliferaban as ideas e as propostas. As persoas dábanse o poder e o dereito de imaxinar e reclamar aquilo necesario. Facían por canles formais e informais, nos foros dixitais ou nas cartas ao director, nas conversas das agrupacións, en follas dispostas para a recollidas de propostas ou en anotacións conservadas por algunha participante. Esta proliferación constitutiva de espazos de deliberación era un recordo permanente da capacidade constituínte que a cidadanía acadara con só atribuírse ese poder. Do Foro Negro celebrado no ICI a finais de 2003 quedan os folios coas notas do falado e imaxinado, a modo das actas imaxinarias dun parlamento da cultura ecoloxista. No instituto de Ribadavia, nun acto contra a circular da Xunta censurando a protesta, os estudantes elaboraron unha serie de listaxes recollendo propostas chegadas pola rede, asinadas por persoas doutros puntos do estado, acompañadas de fotos de manifestacións. As súas peticións eran sinxelas («doble casco para os petroleiros e desenvolvemento de enerxías limpas», Marta García), pero cheas de retranscra («o que contamina paga... ao que deixa que contamine», Lourdes Flores).

Aquí está a dignidade, aquí está a conciencia libre, aquí está un pobo vivo. Nós tamén invocamos hoxe aquí a protección do Santiago Apóstolo, de Prisciliano, de Santo André de Teixido, da Virxe do Carme, nai e señora da xente do mar, pero invocamos sobre todo a forza do pobo, a capacidade cívica, democrática, de nós mesmos para afrontar responsablemente e con coraxe esta situación de emerxencia.

Manuel Rivas, 1 de Decembro de 2002



Acto contra a censura da Xunta de Galicia, 2003. Foto Raquel Miragaia. Arquivo Vivo UGBN.

As formas de participación política propias do Movemento 15-M tiñan un aire de familia con aquelas promovidas dende o *Nunca Máis*. Nas prazas do maio de 2011 redescubríanse as capacidades políticas das asembleas de cidadáns libremente axuntados, dándose o poder de dicir sobre o que necesitan e o que desexan, o que queren e o que temen. Parte da linguaxe política do movemento éranos coñecida: falábase de «mareas» cidadás, da incapacidade das elites políticas de representar á cidadanía, da necesidade dunha «verdadeira democracia». E, sobre todo, compartíase a paixón da indignación. O 15-M foi moito máis lonxe na súa crítica orgánica e na súa paixón deliberativa, como mostran os milleiros de peticións recollidas no buzón de suxerencias da Acampada Sol, hoxe custodiadas no Archivo 15m. Esa foi outra coincidencia: a conciencia da fragilidade do movemento no futuro e a necesidade de documentar o seu traballo para os que chegarán.

MILLADOIRO E DEMOCRACIA

Alí onde aparece un colectivo autorganizado ao redor dunha causa redescubrimos as potencias políticas da deliberación e a forza das constelacións de moitas voces: non é un traballo doado, porque é preciso unha forma para que se saiban dar ao tempo a pluralidade e o acordo, a multiplicidade e o consenso. Das loitas de Contráinate contra a Mina de Corcoestro lémbrese a construción dun Milladoiro no 2013, logo desfeito e repostado. Para os organizadores, representaba «unha manifestación ancestral»: «Os pobos piden aos espíritos a protección do territorio. Neste caso queremos amosar a forza da terra e o poder das persoas fronte ó espolio». Xogaban coa forma da mina sobre o mapa, que recordaba ao demo, e coas vellas lendas do lugar. Na súa singularidade, cada unha desas pedras, pintadas e escritas, era unha promesa e un voto. Como forma, o milladoiro fálanos da configuración do común por agregación, dun tipo de democracia baseada na participación e dunha arte baseada na relación entre urxencia, tradición e comunidade.

AS REDES DA ARTE URBANA NO RURAL

Houbo unha xeración de estudantes que abandonaron as aulas para descubrir no Nunca Máis o que a Universidade non lles aprendía. Moitos futuros artistas atoparon nas marchas, nas asembleas, nas costas os lugares onde os seus faceres podían ter un sentido, un público, unha forma. Por alí ían aprendendo a comunicarse coas linguaxes da época: o deseño gráfico e dixital, a guerrilla da comunicación, a arte urbana. Nesta area a ruptura xeracional era forte: a xeración que protagonizou a parte máis visible do movemento estaba afeita ás palabras e cría nas imaxes, a máis nova desconfiaba delas, pero nas arte das rúas e nos textos das paredes puideron atopase nunha rede imaxinaria. Aquela xeración maior reatopaba tamén a súa mocidade contracultural e setenteira. Os vellos recordaban cos novos a arte de facer pancartas.

Entre as liguaxes máis propias da xeración emerxente están as artes urbanas e os festivais e concertos, dous ámbitos nos que o movemento foi rico. En marzo 2003 en Ordes, o Colectivo Contramarea, co apoio de Adega, Colectivo Chapapote, Burla Negra, Concello de Ordes, Amelga e Plataforma Nunca Máis organizara un Festival Solidario que incluíu teatro, contacontos, exhibicións de graffiti e de *break-dance* e actuacións de La Puta Opepé, Ruxe Ruxe o Zénzar. Para moitos dos rapaces que despuntaron na escena galega do graffiti nos anos seguintes o Prestige foi unha inmensa facultade de Belas Artes gratuíta e a ceo aberto. Outro tanto pódese dicir, con énfases distintos, a propósito da arte contemporánea, o deseño, o fanzine, a literatura, a edición ou a música.



Pintada nunha rúa de Vigo. Foto Xan Acuña. Arquivo Vivo UGBN.



Coloreiro. Intervención de Peri Hello, Lúgen e Pelucas, nave de Santiago de Compostela, 2007.

A rede da arte urbana galega segue a sintonizar aquela temperatura no seu tratamento retransneiro dunha realidade pesada, fronte a que manexa tons de sarcasmo múltiple, para audiencias globais. Tamén no seu compromiso ecolóxico, na denuncia da contaminación, da desarticulación do universo urbano e rural. Denunciaron axiña as fantasías da burbulla inmobiliaria (*Congestión*, 2008) e da crise financeira do 2012 e hoxe traballan pola imaxinación delirante doutros mundos posibles, como Ana Santiso, unhas veces dende o imaxinario do cómic *underground*, outras dende a ciencia ficción. Os murais de Perihelio feren ao Leviatán, á balea do Capital, e amosan o rostro da Ruína, da riqueza que articula a destrución como fábrica. Pelukas deu capturado a memoria do fuel nun universo de mutantes. E Liken lembra que debaixo do chapapote segue a praia, debaixo da sociedade de consumo a posibilidade dun retorno á natureza. A selección pecha cunha peza de _MAZ, que compre ler contra a proliferación de «infinity pools» até no Parador de Muxía. Aquí, o muralismo propón o uso da perspectiva en favor da memoria: abre sobre horizonte, como *Fata Morgana*, unha mancha infinita: pasa o tempo, pero sobre aquelas augas aínda flota o chapapote fantasma.



Milladoiro. Acción para a protección do territorio, 2013. Foto Contráinate.

UN MUNDO NOVO NAS REDES: ECOLOXÍA E FEMINISMO

O Nunca Máis foi pola forza un movemento feminista, porque agromou de xeito autónomo, desde abaixo, a través de células con autonomía. Estas teceron redes, formaron colectivos, organizaron comunidades. E, en todos eses traballos, houbo mulleres na primeira liña. Con tradicións, sen a visibilidade necesaria, coa súa propia linguaxe, o movemento vibrou nunha clave feminista contra unhas estruturas de goberno e comunicación, estas si, gobernadas verticalmente por homes poderosos e autistas, afeitos ás cacerías, e a mandar e a obedecer sen darlles moitas voltas ás cousas. A forma de organización a partir da afectación, do contaxio, da politización das emocións, a conciencia da interdependencia e da solidariedade, debe ser descrita como feminista. Tamén houbo unha conexión clara entre xénero e enerxía: o movemento confrontouse contra o que algúns teóricos chaman hoxe «as masculinidades fósiles», é dicir, a dependencia que unha orde capitalista e patriarcal ten dun tipo de enerxía moi concreta. As donas galegas souberon chamar a isto de xeito máis sinxelo: «o chapapote patriarcal».

A Costa da Morte, de Soneira e de Bergantiños está tinxida de negro. Negras son tamén as lágrimas que mulleres e homes destas terras e de todo o país tragamos de raiba e impotencia. Galiza toda está de loito. A do Prestige é a crónica dunha morte anunciada. Este é tamén un acto violento, e, igual que ocorre coa violencia contra as mulleres, é froito dun sistema económico, político, social baseado na dominación e que se sustenta no uso, abuso e expolio dos RECURSOS: as mulleres, a terra e o mar. O que se está poñendo en perigo é o futuro, a vida mesma.

Manifesto da Coordinadora da Marcha Mundial de Mulleres de Bergantiños

«MULLERES TECENDO MEMORIA: NUNCA MÁIS CHAPAPOTE PATRIARCAL»

MARÍA BELLA, 2021

A reacción cidadá ao afundimento do *Prestige* representou unha aceleración do movemento feminista galego, o que se traduciu en pancartas, pintadas, poemas e accións. Houbo encontros como o «Festival Nunca Máis: nen machismo, nen mareas», como parte das actividades preparatorias para o 8 de marzo do 2003. Ese día celebrouse por vez primeira en Galicia a Marcha Mundial de Mulleres (MMM), organizada precisamente en Cee e Fisterra, coa Plataforma Nunca Máis apoiando. A investigadora e curadora María Bella reactivou este verdadeiro fito en conexión coa forza contemporánea das mobilizacións feministas. Na súa investigación, en alianza coa Asociación Feminista As Curandeiras de Vimianzo, co apoio documental de Mulleres Nacionalistas Galegas e xunto aos relatos de mulleres da Asociación feminista Buserana, Bella recuperou unha vintena das imaxes daquela marcha. A partir delas, fixérase un chamado «a todas as mulleres da Costa da Morte e de toda Galicia», para que enviasen retallos de teas co obxecto de retecer un tapiz colaborativo, no que mesturasen imaxes, texto, debuxos e outras pegadas coas que deixar constancia do acontecido. O formato de tapiz remitía ás prácticas artísticas feministas dos anos 70, que buscaban pór en valor as tarefas propias do traballo das mulleres. No proceso foron producidas dúas pezas elaboradas coa colaboración do obradoiro de costura creativa e de accesorios do Concello de Fisterra, conducido por Estefanía Domínguez Trillo. Entre as obras orixinais producidas, cómpre sinalar dous debuxos de Laura Toba.



Celebración da Marcha Mundial das Mulleres, 2003. Físema. Ilustración Laura Toba. Arquivo Vivo UGBN.

UN OLLO NA ESPERANZA

Pintora e escultora autodidacta, ilustradora, bonequeira, traballando dende Costa da Morte, e comprometida co tecido local do movemento feminista, a obra de Viki Rivadulla elabora o mundo mariña en clave emancipatoria, comprometendo a toma de corpo das mulleres coa renovación do planeta. Faino e conversa con activistas e pensadoras globais como Silvia Federici, e en diálogo coas intelectuais da vida, do presente e do pasado. Traballadoras, peixeiras, redeiras, crebeiras, e tantas outras mulleres poderosas atravesan as súas obras, acadando ás veces caracteres mitolóxicos (maruxainas, buseranas, meigas, atlantes), nun universo onde o mar e a humanidade vanse atravesando nunha ecoloxía de fluídos. Homes peixes, nomes de sereas, cidades asolagadas despregan o universo poético do mar sobre as loitas contemporáneas do feminismo e da ecoloxía. As súas Carrexadoras son donas que sosteñen mundos, que saben levar pesos segundo as técnicas de carga tradicionais das mulleres traballadoras, pero das que hoxe dependen cosmos e baleas: «arrastran o mundo todo nas súas redes, ou lévano cargado nos seus mulidos. Elas trazaron os camiños cos seus pés, alí onde non había camiño».



Aquelarre, 2018. Pintura Viki Rivadulla.

As paisaxes eco-feministas de Viki Rivadulla forma parten dunha rede imaxinaria máis extensa que nesta última década se tece lentamente. A conciencia dunha proximidade acelerada do capitalismo cos límites biofísicos do planeta, a sensación de achegármonos a un «punto de non retorno» histórico na destrución ecolóxica, a negación das promesas de crecemento ilimitado, acumulación continua e mobilización permanente do capitalismo neoliberal vai configurando lentamente as imaxes dun mundo outro que habitar. Mentres unha orde camiña cara o seu colapso, nas súas fendas agroman figuracións dunha vida outra, intres de paraísos recuperados, renovación, ciclos, poderes secretos e alianzas, retallos e retrincos interconectados a través dos que aprender a desexar en común unha existencia outra.

O monicrequeiro, pintor e artista Kukus leva anos traballando nesta dirección nas súas mariñas, das que *Mariscando chapapote* (2003) representa unha peza temperá e liberadora, porque xa daquela –desde a retranscrición do título– comprendía que non se lle podía deixar ao chapapote a ocupación da imaxinación, que outras cores eran precisas para restablecer a relación coa natureza tras o *Prestige*. O cadro ofrece liñas e esquinas fronte aos volumes e curvas oceánicos, pero ao tempo abre as manchas e os matices no que non é negrura, nunha marea de laranxas e amarelos, de verdes, rosas e vermellos, que se abren na estraña danza dos voluntarios co piche.



Mar Rivo, 2019. Pintura Kukus.

Tamén, neste sentido, a obra do debuxante e ironista Miguel Brieva deu artellado un traballo consistente en favor dunha utopía posible, no reverso das súas imaxes dun mundo delirante conducíndose cara a catástrofe. Tomando do mellor da tradición situacionista, das liñas do cómic *underground*, a parte principal desa obra diríxese á crítica das fantasías e ós deseños da sociedade neoliberal, dos seus imaxinarios de consumo, das fábricas dos desexos, da crítica do diñeiro e, vencellado con todo isto, do permanente sinalamento da contaminación. As ilustracións de Brieva fannos conscientes de que non hai mundo onde meter todos os obxectos (moitos deles peluches) que o capital produce, de que son precisas formas extremas de violencia para manter a irracional ordenación das cousas. Pero, ao tempo, progresivamente a sátira goyesca ábrese a unha comprensión luminosa da realidade: quizais non sexa posible, pero si polo menos *outro mundo é necesario* e hai que dedicarse a falar de como podería ser, do aspecto terían nel as casas, as persoas, os parques, os traballos, os ceos, as narracións gráficas.



Portada del libro Nos sobron los ideos, 2020. Debuxo Miguel Brieva.

Aprender a ver con outros ollos, como se xa estivésemos vivindo no mundo no que queremos vivir. Trátase de mirar a realidade como por un «ollo de boi». O traballo de Yoshiro Tachibana quere abrir unha fiestra por medio da arte cara ese alén só intuído. Ese parece feito de vibracións entre as cordas profundas do cosmos que se expresa en reflexos sensíbles. Fillo xaponés da xeración do 68, pintor antifascista, amante do flamenco, a súa obra e vida transcorreu afincada en Muxía nunha relación de contemplación activa co universo que o rodeaba. Mulleres na espreita, árbores medrando na noite, flores e estrelas, olas e horizontes, sereas, follas, árbores, filamentos mecen un cosmos *naif*, creando as ganas de ir vivir ás súas casiñas e hortas, as mariñas e aldeas de casas con cores republicanas. Cando o mar se tinxiu de negro, Tachibana fixo unha obra en agradecemento aos voluntarios, que iría para un dito Museo do Voluntariado de Muxía. Pero estar, non está alí.



Guardián del agua sagrada, 2003. Pintura Yoshiro Tachibana.